



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)	Relixión I	Código	2011/12 652111231	
Titulación	MESTRE: ESPECIALIDADE EN EDUCACIÓN INFANTIL			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Segundo	Optativa	3.5
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	García Vilariño, Andres	Correo electrónico	andres.gvilarino@udc.es	
Profesorado	García Vilariño, Andres	Correo electrónico	andres.gvilarino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura, igual que Relixion.II e Historia das Relixions forman parte do conxunto de asignaturas de Did. da Relixión Católica, do Plano de Estudos agora extinto das Titulacións de Mestre. Asignatura sen docencia. Para acceder aos contidos e preparar o exame cómpre poñerse en contacto co profesor.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A2	Coñecemento dos contidos para ensinar, comprendendo a súa singularidade epistemolóxica e a especificidade da súa didáctica.
A4	Deseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o currículo ao contexto sociocultural.
A15	Asumir a dimensión ética da profesión, potenciando no alumnado unha actitude de cidadanía crítica e responsable.
A32	Promover o xogo simbólico como medio de coñecemento da realidade social.
A40	Ser quen de fomentar o interese polo medio natural, social e cultural e promover comportamentos respectuosos.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de búsqueda e manexo de información.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B20	Coñecemento doutras culturas e doutros costumes.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Ser quen de fomentar o interese polo medio natural, social e cultural e promover comportamentos respectuosos, especialmente ante as crenzas e confesións relixiosas diversas presentes na aula.	A40		
Coñecemento doutras culturas e doutros costumes e as confesions relixiosas, así como o cristianismo e a súa historia.		B20	
Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade, tamén no ámbito do diálogo interrelixioso e ecuménico.		B24	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4



Iniciarse no coñecemento da biblia, das claves para interpretala e da teoloxía básica do cristianismo desde o Novo Testamento ata hoxe.	A2	B3	C4
	A4	B6	C7
	A15	B11	
	A32	B16	
		B20	
	B24		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Biblia	1.1 Estructura da Biblia, composición, xéneros literarios. 1.2 A historia de Israel e o Antigo Testamento 1.3 Os grandes personaxes e feitos bíblicos: os patriarcas, o Éxodo, os xuíces, os profetas, os sabios. 1.4 Os grandes temas bíblicos: Creación, Caída, Alianza, Éxodo, Mesianismo, Revelación, Evanxeo. 1.5 Didáctica dos contidos bíblicos.
2. A mensaxe cristiá 2.1 Xesucristo	2.1 Xesucristo 2.1.1 O seu contexto histórico e sociolóxico. Historicidade dos evanxeos. 2.1.2 O reinado de Deus. Parábolas e signos. 2.1.3 A morte e resurrección. Os relatos. 2.1.4 Xesús de Nazaret, nacido de muller e Fillo de Deus. As primeiras cristoloxía. 2.1.5 A pascua e os discípulos de Xesús: A Igrexa. Pentecostés.
2. A mensaxe cristiá 2.2 O Cristianismo: a Igrexa	2.2.1 O ser da Igrexa: misterio de misión e comunión. 2.2.2 O Pobo de Deus. Sacramentalidade histórica. 2.2.3. A identidade espiritual do cristián. Sacramentos e moral 2.2.4 A moral cristiá: a lei do amor. Conciencia e Lei. 2.2.5 Moral de actitudes, moral da persoa, moral social. 2.2.6 O sentido da historia humana. O mal e a esperanza. 2.2.7 Didáctica dos temas cristolóxicos, eclesiolóxicos, éticos.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	2	10	12
Sesión maxistral	18	36	54
Discusión dirixida	5	5	10
Portafolios do alumno	1	6	7
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Consiste nunha proba con dúas partes. Unha primeira, en forma de test, para constatar un coñecemento básico da Biblia; Unha segunda, con temas a desenvolver por escrito sobre os contidos da segunda parte dos contidos, A mensaxe cristiá.
Sesión maxistral	Son as exposicións de clase sobre os contidos nucleares do programa.



Discusión dirixida	Estando atentos aos acontecementos e noticias relacionados coa materia ou a partir dalgún texto facemos comentario e debate participativo para esclarecer as súas raíces e fundamentos e mais os aspectos que afectan á asignatura e que axudan a comprender ou ampliar os contidos da mesma e a súa implicación na vida social e cultural.
Portafolios do alumno	Os comentarios e participacións na discusión dirixida na aula serán presentados por escrito polo alumno cunha perspectiva persoal e ampliada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Portafolios do alumno	Procedemento avaliativo sobre todo para medir a adquisición de coñecementos polo alumno. O Portafolios é un incentivo de participación na discusión dirixida e computa para avaliación. Require do alumno unha aportación persoal ao estudo da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Terá dúas partes: un test de coñecementos bíblicos e unha redacción sobre algún dos contidos do curso. Ambas as dúas partes, sumadas, darán o promedio da cualificación final.	80
Discusión dirixida	A inserción da actualidade nos contidos da asignatura mediante a discusión dirixida promove a participación activa do alumno e a súa motivación, e acabará na presentación do portafolio correspondente.	5
Portafolios do alumno	O resumo das discusións ou debates feitos na aula, sempre cunha perspeactiva algo máis ampla e orixinal, será presentado polo alumno como mérito de cara á avaliación final.	15
Outros		

Observacións avaliación

A cualificación final do alumno que non participa nas discusións dirixidas e polo tanto non presenta o portafolio sobre as mesmas dependerá exclusivamente da proba mixta.
--

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	- Busto Saiz, J.R. (1989). Cristoloxía para empezar. Santander. Ed. Sal Terrae - Bartolomé, J.J. (1994). La resurrección de Jesús. Madrid. Ed. CCS

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía da Educación e do Desenvolv. na Idade Escolar/652111101

Psicoloxía Evolutiva de 0 a 6 Anos/652111291

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías